

## **Unha residencia da 3ª idade, unha cooperativa agrogandeira-forestal e un albergue municipal; principais apostas de Javier González para gobernar Pobra do Brollón**

O candidato á alcaldía, arroupado por Vicente Docasar e Lara Méndez, presentou a candidatura coa que o socialista concorre ás eleccións municipais, e coa que “conseguiremos situar ao noso concello nun dos referentes da Ribeira Sacra”, afirmou

Presenta un programa “ambicioso, pero realista e, sobre todo, axustado á realidade do noso municipio, que é garantir unha mellor atención aos maiores, fortalecer o campo e aproveitar os recursos que ofrece o *Camiño de Inverno*”

O deputado monfortino e a vicepresidenta de Deputación gabaron o proxecto liderado por González, pois supón o “impulso progresista que precisa Pobra de Brollón para mellorar a calidade de vida dos seus veciños”

**POBRA DO BROLLÓN, 25 DE ABRIL DE 2015.-** O candidato á alcaldía de Pobra do Brollón – Javier González-, arroupado polo deputado autonómico –Vicente Docasar- e a vicepresidenta segunda da Deputación –Lara Méndez-, presentou este sábado a candidatura coa que o socialista concorre ás eleccións municipais do vindeiro mes de maio. Trátase dun equipo “formado por grandes persoas” co que, segundo indicou o alcaldable, “conseguiremos situar ao noso concello nun dos referentes da Ribeira Sacra”. Para iso, González presenta un programa “ambicioso, pero realista e, sobre todo, axustado á realidade do noso municipio”. Deste xeito, os principais retos que asume pasan por garantir unha mellor atención aos maiores, por un fortalecemento do sector agrogandeiro e por aproveitar os recursos que ofrece o *Camiño de Inverno*.

Neste senso, e para dar resposta ao primeiro dos obxectivos, o alcaldable anunciou a creación dunha residencia da terceira idade. “Cremos que temos que ser sensibles con este sector da poboación que, en Pobra de Brollón, é moi elevado. As nosas aldeas están quedando sen xente e, a que queda, supera amplamente os 65 anos; de aí que fagamos unha aposta tan forte neste eido”, indicou.

Con respecto, á segunda liña de actuación, o candidato socialista adiantou que, “se obtemos a confianza dos cidadáns, outro dos proxectos estrela será a creación dunha cooperativa municipal de traballos agrogandeiros e forestais, co fin de crear emprego nestes sectores tan arraigados no noso municipio”. Relacionado con isto, o socialista, se logra o apoio da cidadanía, tamén mellorará a antiga Cámara Agraria. “A finalidade é convertela nun centro de servizos e información ao ámbito rural”, suliñou.

Finalmente, para potenciar o *Camiño de Inverno*, González inclúe no programa a construción dun albergue municipal para os peregrinos, así como a creación de ENIL (Espazos Naturais de Interese Local) en Cova da Choias, nas Adegas de Vilachá ou en San Vitorio. “Trátase, en definitiva, de poñer en valor os nosos espazos para que sexan visitados”, afirmou.

### **“Equipo ganador”**

Vicente Docasar gabou o proxecto presentado polo candidato, pois supón o “impulso progresista que precisa Pobra de Brollón para mellorar a calidade de vida dos seus veciños”. Na mesma liña, a vicepresidenta segunda da Deputación indicou que “os cidadáns ven día a día a ilusión, dinamismo e capacidade de traballo dos socialistas neste concello, que seguro se verán recompensados cunha maioría suficiente para sacar adiante un proxecto de goberno que faga deste un concello moderno, atractivo e produtivo”. “No PSdeG sabemos como facelo, e así o demostramos na Deputación, onde compatibilizamos unha boa xestión das contas públicas coa creación de emprego, o mantemento dos servizos sociais e a posta en marcha de proxectos cun importante retorno económico, como o primeiro centro público de recría de España ou a rede provincial de residencias e centros de día públicos para a terceira idade”, destacou Lara Méndez.

### **Novas incorporacións**

A lista, coa que Javier González se presenta aos comicios, está formada por 9 titulares e dous suplentes. Destaca a incorporación dos números dous, tres e cinco; “caras novas que lle dan ese punto de renovación que fai que hoxe poidamos ofrecer este proxecto que xurde do consenso e do convencemento de que existe outra forma de facer política, que non é outra que a de estar ao carón da xente”, indicou González. A candidatura ao completo é a seguinte:

- 1.- Javier González González
- 2.- María José Enríquez Rodríguez
- 3.- Javier Quiroga Castro
- 4.- Carmen Gallego López
- 5.- Tamara Rodríguez Pérez
- 6.- Celestino Fuente Martínez
- 7.- María Montserrat Macía Quiroga
- 8.- Javier Maceda Rodríguez
- 9.- Adoración Fernández González

### **Suplentes:**

- 1.- Niguez Parada Sánchez
- 2.- José Franco Castro